

**CONCELLO  
DE  
MEAÑO**  
CP 36968  
(PONTEVEDRA)

## **ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS URBANISTICAS**

### **Artigo 1.<sup>º</sup> Fundamento e natureza.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88 citada, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa por licencias urbanísticas, que rexiráse pola presente Ordenanza fiscal.

### **Artigo 2.<sup>º</sup> Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo a que se refiren a Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, a Lei 1/97 do Solo de Galicia, Lei 6/98 de Réxime do Solo e demáis lexislación concordante, que se realicen no termo municipal, axústanse ás normas urbanísticas, de edificación e policía previstas na citada lexislación e no Planeamento e normativa Urbanística deste Municipio.

### **Artigo 3.<sup>º</sup> Suxento pasivo.**

1. Son suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarios ou poseedores, ou, no seu caso, arrendatarios dos inmuebles nos que se realicen as construccions ou instalacions ou se executen as obras.

2. En todo caso, terán a condición de sustitutos do contribuinte os constructores e contratistas das obras.


### **Artigo 4.<sup>º</sup> Responsables.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou iquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

### **Artigo 5.<sup>º</sup> Base imponible.**

1. Constitúe a base imponible da Taxa:



**CONCELLO  
DE  
MEAÑO**

CP 36968  
(PONTEVEDRA)

a) O custe real e efectivo da obra civil, cando se trate de movimentos de terra, obras de nova planta e modificación de estructuras ou aspecto exterior das edificacións existentes.

b) O custe real e efectivo da vivenda, local ou instalación, cando se trate da primeira utilización dos edificios e a modificación do uso dos mesmos.

c) O valor que teñan sinalados os terreos e construccíons a efectos do Imposto sobre Bens Inmobilés, cando se trate de parcelaciones urbanas e de demolición de construccíons.

d) A superficie dos carteis de Propaganda colocados en forma visible dende a vía pública.

2. Do custe sinalado nas letras a) e b) do número anterior exclúese o correspondente á maquinaria e instalacións industriais e mecánicas.

**Artigo 6.º Cota tributaria.**

A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

**Artigo 7.º Exencións e Bonificacións.**

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción desta Taxa, que non veña establecida en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

**Artigo 8.º Percepción.**

1. Percíbese a Taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúa o seu feito imponible. A estes efectos, entenderáse iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licencia urbanística, se o suxeito pasivo formulase expresamente ésta.

2. Cando as obras se iniciaran ou executaran sen ter obtido a oportuna licencia, a Taxa se percibirá cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, con independencia da iniciación do expediente por infracción tributaria.

3. A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algúin pola denegación da licencia solicitada ou pola concesión désta condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desistimento do solicitante unha vez




**CONCELLO  
DE  
MEAÑO**

CP 36968

(PONTEVEDRA)

concedida a licencia.



**Artigo 9.<sup>º</sup> Declaración.**

1. As persoas interesadas na obtención dunha licencia de obras presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, achegándolle proxecto visado polo Colexio Oficial respectivo, con especificación detallada da natureza da obra e o lugar de emprazamento, na que conste o importe estimado da obra, medicións e destíño do edificio, e o cuestionario a que fai referencia o artigo 2 do D. 69/89, do 31 de marzo da Xunta de Galicia.

2. Cando se trate de licencia para aqueles actos en que non sexa esixible a formulación de proxecto suscrito por técnico competente, á solicitude achegárselle un presupuesto das obras a realizar, con descripción detallada da superficie afectada, número de departamentos, materiais a empregar e, en xeral, das características da obra ou acto nos que os seus datos permitan comprobar o custe daqueles.

3. Se despois de formulada a solicitude de licencia se modificala ou amplíase o proxecto deberá poñerse no coñecemento da Administración municipal, achegándolle o novo presupuesto ou o reformado e, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación.

**Artigo 10.<sup>º</sup> Liquidación e ingreso.**

1. Liquidaráse e esixiráse o importe da Taxa unha vez concedida a licencia urbanística. Non obstante, poderá esixir o importe da Taxa no momento de presentala solicitude de licencia de obra, en calidade de depósito previo

2. A Administración municipal poderá comprobar o custe real e efectivo unha vez rematada-las obras, e a superficie dos carteis declarada polo solicitante, e, á vista do resultado de tal comprobación, practicará a liquidación definitiva que proceda, con deducción, no seu caso, da liquidación inicial.

3. No caso de parcelacións urbanas e demolición de construcións, a liquidación que se practique, unha vez concedida a licencia, sobre a base imponible que lle corresponda, terá carácter definitivo salvo que o valor sinalado no Imposto sobre Bens Inmobilés non teña este carácter.


4. As liquidacións que se practiquen serán notificadas ó suxeito pasivo sustituto do contribuinte para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais utilizando os medios de pago e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.



CONCELLO  
DE  
MEAÑO

CP 36968

(PONTEVEDRA)



### **Artigo 11.º Infraccións e sancións.**

En todo relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estaráse ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

### **DISPOSICION ADICIONAL**

**PRIMEIRA.** As licencias urbanísticas concedidas caducarán no prazo de seis meses, se non se inician as obras, e se antes de que transcurran dous anos desde a súa concesión non se rematan as mesmas.

**SEGUNDA.** A exacción desta Taxa será compatible co Imposto municipal sobre Construccións.

### **DISPOSICION FINAL**

A presente Ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada na data que se expresa no anexo a esta Ordenanza, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 1999, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.



CONCELLO  
DE  
MEAÑO  
CP 36968  
(PONTEVEDRA)

**ANEXO**

**Primeiro. Tarifa.**

PARA APLICACION DA ORDENANZA DA TAXA POR LICENCIAS URBANISTICAS:

<u>Concepto</u>	<u>Pesetas</u>
POR CADA LICENCIA DE OBRA MAIOR	1.000 Pts.

**Segundo. Outras normas especiais de xestión.**

**Terceiro. Data de aprobación.**

**DILIXENCIA:**

Póñoa eu, Secretaria–Interventora do Ilmo. Concello de Meaño, para facer constar que a imposición e aprobación da presente Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por licencias urbanísticas, foi aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 28 de setembro de 1998.

Meaño, 29 de setembro de 1998



A faint circular stamp of the "CONCELLO DE MEAÑO" is visible behind the handwritten signature. The signature is written in blue ink and is quite large and sweeping, covering most of the right side of the stamp.



Rúa Campo da Feira nº 1  
Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85  
Fax: 986 74 73 91

C O N C E L L O  
DE  
**MEAÑO**  
C. P. 36968  
(PONTEVEDRA)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> TERESA ESCUDERO BARRAL, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra):

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 23 de febreiro de 2004, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

**“7º MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMENTO DE LICENCIAS URBANÍSTICAS.-”**

O Sr. Alcalde-Presidente maniféstalle ós membros da Corporación que como continuidade do punto anterior a actual Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por outorgamento de licencia urbanística na base imponible regulada no art. 5 da mesma establece, entre outros, o custe real e efectivo da vivenda, local ou instalación, cando se trate de primeira utilización dos edificios e a modificación do uso dos mesmos; nembargantes na tarifa solo se atopa regulado o importe que corresponde por cada licencia de obra maior, non contemplándose a licencia de primeira utilización.

Coa entrada en vigor da Lei 4/2003, do 29 de xullo, de vivenda de Galicia, a actividade administrativa tendente á tramitación deste tipo de licencias incrementarase sustancialmente, polo que ó abeiro da Lei 35/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal de taxas estatais e locais e a reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público e do seu art. 67 de modificación da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, procede a modificación da tarifa desta ordenanza, introducindo a correspondente á da licencia de primeira utilización, para o que se propón o 0,5% do presuposto do proxecto; estimándose que o importe non exceda do custe real ou previsible da actividade administrativa.

Non producíndose intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o dictame-proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos trece membros, acorda:

1º/ Modifica-lo anexo-tarifa da taxa por outorgamento de licencias urbanísticas, quedando como segue:

*Primeiro.- Tarifa:*

*Concepto*

*POR CADA LICENCIA DE OBRA MAIOR: 6,00 €*

*POR LICENCIAS DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN: 0,5% do presupuesto do proxecto ou do cálculo de revisión efectuado polo técnico municipal.*

*Segundo.- Outras normas especiais de xestión.*

*Terceiro.- Data de aprobación.-*



ПОДАЧА  
СИЛВА  
СЕКРЕТАРИЯ  
ПО ПРОВІНЦІІ

*A presente modificación que afecta á tarifa da Ordenanza Reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data....., entrará en vigor e será de aplicación o día seguinte da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.*

**2º** Aprobar provisionalmente a modificación sinalada e que afecta o anexo-tarifa da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Licencias Urbanísticas, nos termos que figuran no punto 1º deste acordo.

**3º** Expoñer ó público o presente acordo mediante edictos publicados no Taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días hábiles para os efectos de que os interesados poidan examina-lo expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas, entendéndose definitivamente adoptado este acordo, sen necesidade de novo acordo, de non presentarse reclamacións.”

E para que así conste, e para os efectos de unir ó expediente, expido e asino a presente, coa reserva dos termos que resulten da aprobación definitiva da acta desta sesión, ó abeiro do art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Meaño a dous de marzo de dous mil catoro.

Visto e Prace  
O Alcalde





Rúa Campo da Feira nº 1  
Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85  
Fax: 986 74 73 91

C O N C E L L O

DE

M E A Ñ O

C. P. 36968  
(PONTEVEDRA)

**PARA A APLICACIÓN DA ORDENANZA DA TAXA POR LICENCIAS URBANÍSTICAS:**

Primeiro.- Tarifa:

<u>Concepto</u>	<u>Taxa</u>
-----------------	-------------

POR CADA LICENCIA URBANÍSTICA

En tódolos casos contemplados no art. 5.1 a), c) e d) da Ordenanza e na lexislación urbanística como suxeitos a licencia aplicase sobre a base imponible:

Obras menores:	1 % sobre presupuesto
Obras maiores:	0,5 % sobre presupuesto

POR LICENCIA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN

En tódolos casos contemplados no art. 5.1.b) da Ordenanza aplicarase sobre a base imponible (Presupuesto do proxecto ou do cálculo de revisión efectuado polo Técnico Municipal) 0,5%

sobre presupuesto

Segundo.- Outras normas especiais de xestión:

a) Para os casos non previstos no art. 5 da Ordenanza ou que non se dispoña do presupuesto inicial, a valoración do custe para a determinación da base imponible efectuarase aplicando o cadre de módulos aprobado como Anexo á Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construccións, Instalacións e Obras:

b) Esta taxa devéngase cando se presente a solicitude que inicie a actuación ou o expediente, que non se realizará ou tramitará sen que se efectúe o pago correspondente. E con carácter xeral o importe da taxa esixirase no intre de presenta-la solicitude de licencia de obra.

Terceiro.- Data de aprobación.-

A presente Modificación que afecta á tarifa da Ordenanza Fiscal Reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 25 de abril de 2005, entrará en vigor o día seguinte da publicación do texto íntegro desta modificación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación ese mesmo día.

**DILIXENCIA:**

Elevado a definitivo o acordo provisorio ó non presentarse reclamacións ó expediente, mediante acordo da Alcaldía de data 14 de xuño de 2005 e publicado o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia nº 134 de data 13 de xullo de 2005, sendo de aplicación a partir do día 14 de xullo de 2005.

Meaño, 18 de xullo de 2005  
Secretaría – Intervención

